# REXISTRO EN CANVA EDUCACIÓN

O rexistro como docentes en Canva Educación permitiranos usar a ferramenta con todas as funcionalidades. Se só contamos cun rexistro básico gratuíto, **non poderemos utilizar a ferramenta con todas as súas funcións** de IA e outras potencialidades que a converten nunha gran aliada para crear materiais educativos.

Para o rexistro en Canva Educación debemos acceder a:

https://www.canva.com/es_es/educacion/requisitos-elegibilidad/




Nesta páxina imos completar a nosa verificación e poderemos ler os requisitos. No caso dos docentes poderán acceder todos os docentes de **primaria e secundaria**, sen ningún problema.

No proceso de validación vaise requirir unha conta de correo electrónico:



Temos a opción de usar a conta corporativa para a validación automática polo dominio edu.xunta.gal ou poderemos usar outra conta de correo (Gmail).

No caso de usar conta de Gmail, é probable que se nos solicite algún documento para comprobar que somos docentes. Un comprobante válido poderá ser un pdf onde se reflicta o nomeamento de destino e pode tardar días en activarse a conta de Canva Educación.

**Rexistro:**




Pídeme que valide co código que me chegou á conta de correo:




A validación deste xeito é automática.

Teño que indicar en que tipo de centro traballo.



Se o meu centro non aparece na listaxe previa, indico que non aparece.




Finalizamos o proceso de validación indicando, nome e apelidos, nome do centro, dirección do centro e páxina web do centro.



E proceso finalizado.




No caso de optar por unha conta de Google, o proceso é similar pero, pode requirir (non sempre) que se envíen documentos acreditativos.

Xa podemos acceder a través da súa URL [https://www.canva.com/](https://www.canva.com/)




Iniciamos sesión coa conta coa que nos rexistramos (no noso caso "Usar un correo electrónico", e sería a conta corporativa da Xunta)






Enviarásenos un código á dirección de correo coa que queremos iniciar sesión que debemos escribir para poder entrar a Canva,

